

FLORES DE EQUINOCCIO

[**Higanbana**, Yasujiro Ozu, 1958
Xapón, 118 min., VOSE]

Lingua **Xaponés**

Dirección **Yasujiro Ozu**

Guión **Yasujiro Ozu, Kogo Noda** (Historia original: Ton Satomi)

Fotografía **Yûharu Atsuta**

Montaxe **Yoshiyasu Hamamura**

Son **Yoshisaburô Senoo**

Música **Takanobu Saitô**

Elenco **Shin Saburi, Kinuyo Tanaka, Ineko Arima, Yoshiko Kuga, Keiji Sada, Teiji Takahashi, Miyuki Kuwano, Chishû Ryû, Chieko Naniwa**

Produción **Shôchiku (Xapón)**

Distribución **A Contracorriente Films**

Tras asistir a unha voda, Wataru Hirayama considera que chegou a hora de casar a súa filla maior, Setsuko. Ignora que esta xa se comprometeu cun oficinista que vai ser trasladado proximamente a un destino afastado. Aínda que Hirayama se mostra solícito e comprensivo cos asuntos sentimentais alleos, monta en cólera cando descobre que a súa filla pretende casar sen consultar o asunto cos seus pais.

FEBREIRO

Martes 4 **O RAPAZ E A GARZA**

(Hayao Miyazaki, 2023)

Xapón, 124 min., VOSE)

Martes 11 **DAAAAAALÍ!**

(Quentin Dupieux, 2023)

Francia, 79 min., VOSE)

Luns 17 **A HERBA ERRANTE**

(Yasujiro Ozu, 1959)

Xapón, 119 min., VOSE)

Martes 18 **NON AGARDES DEMASIADO**

DA FIN DO MUNDO

(Radu Jude, 2023)

Martes 25 **O BAÑO DO DIABO**

(Veronika Franz e Severin Fiala, 2024)

Austria, 121 min., VOSE)



FLORES DE EQUINOCCIO

YASUJIRO OZU

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



FILMOTECA
DE GALICIA



CINECLUBE PONTEVEDRA

Yasujiro Ozu foi un mestre á hora de capturar o *pathos* dos momentos transitorios, aínda que nunca estivo totalmente ao día cos tempos. Realizou a súa primeira película en cor, *Flores de equinoccio*, en 1958, case unha década despois de que a industria cinematográfica xaponesa adoptara unha gama de novas posibilidades cromáticas, abertas pola chegada das tecnoloxías de procesamento de películas en cor. Por outra parte, nunca se desviou do seu cadro preferido de 1:33:1, mesmo cando Xapón empezou a favorecer relacións de aspecto máis anchas. A espera mereceu a pena. Este drama familiar moderno (*shomin-geki*) leva o seu distintivo abano de temas e preocupacións a un revelador e elevado rexistro de expresión, cunha exuberancia que roza o *sirkiano*.

Para calquera que coñecera a obra de Ozu a través de obras mestras en branco e negro como *Contos de Toquio* e *Primavera tardía*, as súas dúas películas que adoitan recibir máis atención crítica, a visión dos mundos domésticos do director saturados de cor semella unha epifanía. Nos seus encadramentos perfectamente compostos, utiliza a cor para significar códigos e actitudes cambiantes, prestando especial atención aos rechamantes tons de vermello —visibles no forro dun quimono, nunha teteira lacada, na barra de labios das mozas e nos letreiros de neon das rúas de Ginza— para transmitir valores tanto tradicionais como modernistas. As características distintivas do seu coñecido estilo visual, como os seus *pillow shots* —escenas cotiás que se prolongan un instante máis do esperado—, resultan aínda máis silenciosamente sorprendentes que en monocromo.

(...) O gran crítico Robin Wood observou que os matrimonios nos filmes de Ozu son coma a morte, tanto na súa prefiguración da morte dos pais como na súa destrución da identidade persoal, especialmente para as mulleres no Xapón da posguerra. Mais en *Flores de equinoccio*, o matrimonio non impide que as personaxes femininas accedan a unha fonte secreta de poder, como demostran os ollos brillantes e o enigmático sorriso de Kiyoko mentres se dedica obedientemente ás súas tarefas. Ao cabo, as mulleres da vida de Wataru danlle mil voltas e a súa teimosía debilítase. Quizais o poder que atopan é algo semellante á paciencia, unha das maiores virtudes de Ozu. Se agardas abondo, sempre existe a posibilidade de que o bo volva.

A partir de *Crepúsculo en Toquio*, Yasujiro Ozu pasou a interesarse pola xeración máis nova, ou polo menos polos seus membros máis rebeldes. A filla tradicionalista de *Primavera tardía* (1949) é bastante diferente das raparigas modernas destes filmes tardíos. Tal e como di Ozu:

«Neste filme eu son, penso, máis comprensivo cos pais. Todos os filmes máis recentes rexeitan os seus valores e aproban o comportamento da xuventude. Neste filme as fillas parecen bastante modernas, pero en realidade son tradicionais. O pai parece ser bastante razoable e préstalles bos consellos ás outras persoas, pero no que respecta aos seus propios problemas di unha cousa e quere dicir outra... El criou a súa filla e preocupase do seu casamento. Ela emparellou sen dicirlle nada. El sabe que a escolla dela foi boa, pero está resentido por non ter sido consultado, sen por iso ser quen de opoñerse completamente ao casamento. É esta tensión no pai o que eu quería amosar no filme».

Flores de equinoccio contén, consecuentemente, algunhas críticas implícitas ao sistema familiar xaponés, aínda que non o rexeite por completo. Ozu nunca tivo co sistema familiar o mesmo tratamento irónico que lle deu, por caso, ao sistema social. O filme evita de tal forma tomar partido que é imposible dicir se a xeración máis nova ou a máis vella é boa ou mala. É un filme equilibrado arredor da vida familiar xaponesa, feito con coidada ironía.

Este foi o primeiro filme en cores de Yasujiro Ozu. Unha ducia de anos antes escribira: «A cor está ben de cando en vez, pero vela todo o tempo é como comer *tendon* (tempura con arroz), acabas cansando». No ano da realización do filme, 1958, afirmaba que «sentía que me había de arrepentir máis adiante se non daba o paso agora», e os críticos que puxeran obxeccións á artificialidade dos decorados nos filmes anteriores (moi limpos, amañados, non naturalistas) atopan agora novas razóns de queixa cun sistema de cor (Agfacolor) que facía que todas as cousas fosen bonitas de máis. Ozu, no entanto, quedou satisfeito dos efectos da cor desde o inicio. «Mesmo cando estaba a usar o branco e negro estiven sempre interesado no ton e na atmosfera, polo que non será moi difícil conseguila coa cor. O vermello resulta marabilloso co Agfacolor». Non tiña ningún dos reparos que si amosou á hora de empregar por vez primeira o sistema sonoro. Aínda así, a idea inicial de facer un filme en cores parece que veu da produtora, e non de Ozu, que querían facerlle xustiza á beleza da daquela moi famosa Fujiko Yamamoto.